

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*RESOLUCIÓN do 26 de outubro de 2016, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, relativa á publicación das puntuacións definitivas e finalización da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario, convocado pola Resolución do 17 de xuño de 2015.*

A base oitava da Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos, do 17 de xuño de 2015 (*Diario Oficial de Galicia* núm.121, do 30 de xuño), pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso nas categorías de enfermeiro/a especialista en obstetricia e xinecología, fisioterapeuta, logopeda, terapeuta ocupacional, técnico/a superior en anatomía patolóxica e citoloxía, técnico/a superior en hixiene bucodental, técnico/a superior en imaxe para o diagnóstico, técnico/a superior en laboratorio de diagnóstico clínico, técnico/a superior en radioterapia, técnico/a en cuidados auxiliares de enfermaría e técnico/a en farmacia, dispón que tras a publicación das puntuacións provisionais dos exercicios, os/as aspirantes poderán presentar reclamación ante o tribunal no prazo de cinco días hábiles seguintes ao da devandita publicación, unicamente de existiren erros na confección aritmética da puntuación obtida.

A estimación ou desestimación das reclamacións entenderase implícita na resolución pola que se aproben as puntuacións definitivas dos distintos exercicios, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

Á vista das reclamacións presentadas e dos acordos adoptados sobre estas polos respectivos tribunais de selección e elevados ao órgano convocante, este centro directivo, de conformidade coa antedita base

#### RESOLVE:

Primeiro. Aprobar e dar publicidade, a través da páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)), ás puntuacións definitivas obtidas polos/as aspirantes presentados en cada un dos exercicios da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso nas categorías de enfermeiro/a especialista en obstetricia e xinecología, fisioterapeuta, logopeda, terapeuta ocupacional, técnico/a superior en anatomía patolóxica e citoloxía, técnico/a superior en hixiene bucodental, técnico/a superior en imaxe para o diagnóstico, técnico/a superior en laboratorio de diagnóstico clínico, técnico/a superior en radioterapia,



técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría e técnico/a en farmacia convocado, pola Resolución do 17 de xuño de 2015.

Segundo. Declarar finalizada a fase de oposición do referido proceso selectivo en todas as categorías.

Terceiro. Esta resolución poderá ser impugnada polos/as interesados/as nos termos previstos nas bases 7) e 11) da resolución de convocatoria do proceso.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2016

Margarita Prado Vaamonde  
Directora xeral de Recursos Humanos

CVE-DOG: vaqvpkb1-bf88-gmh5-qgw8-nifajid859w3

